

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A SANIDADE PÚBLICA COMPOSTELÁ PREMIADA NOVAMENTE POLO SEU COMPROMISO MEDIOAMBIENTAL

- Nunha xornada organizada por ECODES recoñecese ao CHUS como un dos 10 hospitais nacionais con as propostas máis ambiciosas en materia de descarbonización
- O Plan de Aforro enerxético posto en marcha pola xerencia sanitaria provocou un aforro do 37,1% no consumo de enerxía primaria e a redución de emisións contaminantes
- Trátase do segundo recoñecemento nacional que acada este ano a Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza polo seu labor neste eido

**Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2022.-** A área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza ven de ser novamente recoñecida no eido nacional polo seu compromiso medioambiental. Grazas á implantación do plan de eficiencia enerxética (2012/2021) xa acadou un aforro do 37,1 % no consumo de enerxía primaria e evitouse a emisión de 6.876 Tn de CO<sub>2</sub> á atmósfera cada ano, nunha tendencia que se mantén e mellora co actual e o actual 2021/26.

“Por mor destas medidas conséguense unha descarbonización da actividade ligada á asistencia sanitaria, así como un aforro enerxético e económico relevante sen merma, e ás veces mesmo mellora, das condicións de habitabilidade dos usuarios e profesionais do CHUS. Esta aposta e apoio da dirección para a implementación do plan de eficiencia enerxética é o xerme a través do cal buscamos crear unha cultura ambiental entre os profesionais” destacou Beatriz Pais, subdirectora de Calidade da Área sanitaria compostelá ao recoller a distinción esta mañá en Madrid.

No acto organizado pola entidade ECODES reflexionouse sobre os Avances no Programa de Salud de Glasgow, e neste marco, Beatriz Pais expuxo os resultados das medidas levadas a cabo polo CHUS neste eido e que fixeron que fora seleccionado entre os **+10 Hospitales por el Programa de Salud de Glasgow**. Con este galardón recoñecese “o compromiso e a ambición de 10 centros hospitalarios nacionais que xa están actuando segundo o acordado na COP26, coa fin de visibilizar a súa acción e impulsar as propostas máis ambiciosas en materia de descarbonización”.

O Plan de aforro enerxético do CHUS está baseado na redución de enerxía primaria consumida. A xerencia compostelá ven promovendo desde o ano 2012 a integración dunha serie de melloras, ampliacións, reformas e modificacións nas instalacións e edificios para mellorar as prestacións e rendementos enerxéticos do complexo.

Fixáronse como obxectivos a consecución dun aforro enerxético ligado á mellora da eficiencia enerxética, cunha diminución das emisións derivadas da actividade hospitalaria, garantindo sempre as condicións de seguridade e confort para os usuarios e profesionais. Para acadalo, as principais actuacións levadas a cabo centráronse na:

- ILUMINACIÓN Implantouse iluminación LED, de menor consumo e con maior duración que as luminarias anteriores, tanto para o interior como para o

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

exterior dos distintos centros, así como sistemas de control de acceso por presenza e da iluminación, regulables en función da luz natural.

- **PRODUCCIÓN TÉRMICA** Substituíronse as caldeiras de calefacción existentes para outras de condensación, que ademais traballan sen intercambiadores para unha maior eficiencia no bombeo. Unida a esta medida instaláronse, e se incorporan ao sistema de control, os contadores de enerxía térmica e de consumo de gas en cada caldeira, así como o consumo eléctrico dos grupos de bombeo.
- **TORRES DE REFRIXERACIÓN** Nas torres de refrixeración, e debido á perda de eficiencia enerxética no intercambio de calor debida á degradación do recheo, substitúense estes por uns con eliminadores de pingas integrados, cun rendemento mínimo igual ao orixinal, con fácil limpeza.
- **CLIMATIZACIÓN**, incorpóranse nas unidades de tratamento de aire novos variadores de velocidade e motores eléctricos de maior eficiencia, os cales se adaptan á demanda e ademais substitúense aquelas de maior consumo por equipos de maior eficiencia e dotados de recuperación de calor, adaptándose así á normativa vixente.
- **INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA**, instaláronse paneis fotovoltaicos de autoconsumo, podendo verter esta enerxía directamente á rede do hospital, traballando en paralelo coa mesma, apostando desta forma polo consumo de enerxía de orixe renovable.

Para poder cuantificar todas estas melloras instálanse equipos de medida de enerxía eléctrica e térmica nos distintos hospitais, co propósito de medir e controlar os consumos, o cal redonda en maiores aforros enerxéticos.

### **Segundo recoñecemento no 2022**

Trátase do segundo recoñecemento nacional que acada este ano a Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza polo seu labor no eido medioambiental. Así, enmarcado no *Health Care Climate Challenge* (Desafío Climático do Coidado para a saúde) a xerencia recibiu dous premios de prata en liderado e en resiliencia climática.

Esta distinción está en relación co traballo realizado na Área Sanitaria de Santiago de Compostela no ámbito da intervención ambiental e a súa preocupación polo medio ambiente, principalmente debido á posta en marcha de proxectos de alto impacto en relación coa redución de emisións de CO<sub>2</sub>, redución da pegada de carbono e optimización da xestión de residuos.

### **Saúdos do Gabinete de Comunicación e Imaxe**